

ANEXO IV

MODELO DE DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO NAS CIRCUNSTANCIAS DO ARTIGO 13

| | |
|-------------------------------|---------|
| DOM/A | DNI/NIF |
| ENDEREZO | |
| ACTUANDO EN REPRESENTACIÓN DE | |

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

que (nome do representado, se é o caso) _____
 non se atopa incurso en ningunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003,
 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

E para que así conste asino esta declaración responsable.

En lugar e data

_____, ____ de _____ de 200__

Orde do 24 de febreiro de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas encamiñadas á mellora da infraestrutura enerxética de Galicia e pola que se convocan as correspondentes a 2005.

Un dos obxectivos da Consellería de Innovación, Industria e Comercio no campo da política enerxética é conseguir unha explotación e xestión máis racional dos recursos enerxéticos, lograr uns índices de calidade das subministracións enerxéticas axeitadas, non só reducindo o consumo senón tamén mellorando a eficiencia enerxética.

Tanto a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, como a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, prevén que as distintas

administracións, no ámbito das súas respectivas competencias territoriais, poderán instrumentar programas de actuación e adoptar medidas que incentiven a mellora do servizo aos usuarios, así como a eficiencia e o aforro enerxético.

No marco da política enerxética, tanto da Unión Europea como española, considérase que tanto o uso racional da enerxía como os recursos enerxéticos renovables son fundamentais para diminuír a dependencia exterior e mellorar a seguridade da subministración.

O gas é unha enerxía económica e ecolóxica xa dispoñible en moitos fogares e industrias de Galicia e que é preciso seguir impulsando para a súa extensión a novas zonas da nosa comunidade autónoma.

O desenvolvemento dos núcleos de poboación provocou que en ocasións o contorno de determinadas instalacións eléctricas sufrisen alteracións significativas que aconsellan a súa modificación.

As instalacións eléctricas municipais son en moitos casos susceptibles de modificacións e de innovación para unha mellora da eficiencia enerxética que permitan un sensible aforro no consumo de enerxía.

Como medio e instrumento para favorecer as actuacións indicadas, a Consellería de Innovación, Industria e Comercio considerou necesario establecer un programa de axudas encamiñadas á mellora da infraestrutura enerxética de Galicia.

Este programa estrutúrase en catro liñas de axuda, cuxas bases se aproban e adaptan ás novas exixencias da regulación estatal e autonómica en materia de subvencións públicas. Igualmente, procédese á convocatoria destas axudas para o ano 2005.

As ditas axudas axustaranse ao disposto no Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na súa virtude, en uso das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Bases.

Apróbanse as bases para a concesión de axudas incluídas no programa de axudas encamiñadas á mellora da infraestrutura enerxética de Galicia, que figuran como anexo I a esta orde.

Artigo 2º.-Convocatoria.

1. Convócanse as axudas encamiñadas á mellora da infraestrutura enerxética de Galicia para o ano 2005, de acordo coas bases aprobadas nesta orde.

Estas axudas outorgaranse, en réxime de concorrencia competitiva, con cargo aos créditos previstos nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2005, destinándose para o seu financiamento ata un máximo de 3.974.103 euros para a anualidade 2005 as seguintes aplicacións orzamentarias:

| Aplicación | Denominación | Importe ano 2005 (€) |
|---------------------------------------|---|----------------------|
| A) Uso racional da enerxía | | |
| 08.02.631-A.760.0 | U.R.E nos concellos | 1.800.000 |
| 08.02.631-A.770.0 | U.R.E nas industrias | 150.000 |
| B) Fomento das enerxías renovables | | |
| B.1) Plan de fomento da enerxía solar | | |
| 08.02.631-A.773.1 | Empresas. Plan de Fomento Enerxía Solar | 900.000 |
| 08.02.631-A.780.1 | Familias. Plan Fomento Enerxía Solar | 604.103 |
| B.2) Resto das enerxías renovables | | |
| 08.02.631-A.773.0 | Empresas. Fomento enerxías renovables | 420.000 |
| 08.02.631-A.780.0 | Familias. Fomento enerxías renovables | 100.000 |

As axudas que se outorguen a través das partidas orzamentarias 08.02.631-A 773.0 e 08.02.631-A 773.1 cofináncianse con fondos estruturais Feder Marco nunha porcentaxe do 55% e do 47,34% respectivamente.

2. Esas cantidades poderanse incrementar en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito.

Nas axudas de fomento ás enerxías renovables límitase a axuda máxima a 50.000 € no caso de familias e institucións sen ánimo de lucro.

3. O prazo para a presentación das solicitudes será de 40 días naturais desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

4. A data límite para executar as actuacións que fosen obxecto de subvención e para xustificar o correspondente investimento é o 30 de setembro de 2005.

5. O modelo de solicitude é o que se establece como anexo II y III desta orde. No caso de que o solicitante sexa un concello, empregárase o anexo IV en lugar do anexo III. Estes modelos atópanse tamén á disposición dos interesados no enderezo da internet <http://www.xunta.es/conselle/in>.

Á solicitude xuntáraselle a documentación establecida nas bases.

Disposición adicional

Única.-Delegación de competencias.

Deléganse nos delegados provinciais da Consellería de Innovación, Industria e Comercio as atribucións para a resolución dos procedementos de concesión, revogación, reintegro e modificación das subvencións relativas ao uso racional da enerxía nos concellos así como das subvencións relativas á adecuación de instalacións eléctricas de distribución ata o límite dos créditos orzamentarios que resulten desconcentrados para cada liña de subvención.

As resolucións que se adopten facendo uso da competencia conferida por esta orde farán constar expresamente esta circunstancia e consideraranse como propios do órgano delegante, resultando aplicable o réxime de recursos previsto no artigo 15 das bases reguladoras destas subvencións.

Disposición derogatoria

Derrogación normativa.-Para os efectos desta orde queda derogada a Orde do 11 de marzo de 2002 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións en materia de industria, enerxía, minaría, tecnoloxía e desenvolvemento sectorial, comercio e consumo.

Disposición derradeira

Entrada en vigor.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2005.

Juan Rodríguez Yuste
Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO I

Bases reguladoras das axudas encamiñadas á mellora da infraestrutura enerxética de Galicia

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Estas bases teñen como obxecto a regulación da concesión de axudas incluídas no programa de axudas encamiñadas á mellora da infraestrutura enerxética de Galicia.

2. Constitúen o obxecto destas axudas os seguintes:

A) Uso racional da enerxía: axudas económicas para a execución de proxectos que promovan o uso racional da enerxía na industria, edificios, servizos e transporte, así como para a realización de investimentos co obxecto de reducir a incidencia do factor enerxético na súa estrutura de custos.

B) Fomento das enerxías renovables: axudas económicas para a utilización ou produción de recursos enerxéticos renovables.

Este programa de axudas poderá aplicarse aos proxectos de electrificación rural, en sistemas illados da rede de distribución, que utilicen sistemas eólicos, solares ou mixtos, incluso co apoio de grupos electrógenos.

C) Desenvolvemento da infraestrutura de gas: axudas económicas para a gasificación mediante propano de núcleos de poboación illados dos ramais e redes de distribución de gas natural e para a instalación provisional de depósitos de gas natural licuado (GNL) co fin de adaptar as súas instalacións de consumo en áreas en que xa esté prevista a subministración con gas natural canalizado.

D) Adecuación de instalacións eléctricas de distribución: axudas económicas para a adecuación de instalacións de distribución de enerxía eléctrica cando, mesmo sendo regulamentarias, o seu contorno sufrise modificacións significativas.

3. Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade, non-discriminación, eficacia e eficiencia.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderán acollerse a estas liñas de axudas, sen prexuízo de reunir os requisitos establecidos no seguinte artigo, os seguintes beneficiarios:

A) Uso racional da enerxía: as corporacións locais, empresas privadas, asociacións, entidades sen ánimo de lucro ou agrupacións delas.

B) Enerxías renovables: persoas físicas, empresas privadas, asociacións entidades sen ánimo de lucro ou agrupacións delas.

C) Gasificación: empresas privadas titulares de autorizacións para a distribución de gas propano nos lugares indicados, así como as empresas que realicen a instalación provisional de depósitos de gas natural licuado.

D) Adecuación de instalacións de distribución: empresas privadas titulares das instalacións de distribución de enerxía sempre que o concello correspondente asuma a execución da obra civil necesaria, así como a xestión e consecución dos permisos de paso necesarios.

2. Cando o beneficiario sexa unha agrupación de persoas físicas o xurídicas, deberanse facer constar expresamente na solicitude os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que se vai aplicar por cada unha delas, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. Nestes casos, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación. Non se poderá disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 23 e 79 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 3º.-Requisitos dos beneficiarios.

Os solicitantes deben reunir os seguintes requisitos:

1. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2º da Lei xeral de subvencións.

2. De acordo co establecido no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 18 de febreiro de 1999, para que unha empresa poida adquirir a condición de beneficiario de axudas será necesario que o 35% do seu cadro de persoal teña contratos por tempo indefinido.

Para as empresas de nova creación bastará o compromiso de alcanzar, como mínimo, o 35% de estabilidade laboral no momento do remate do prazo que se conceda para tal efecto.

As empresas xa existentes deberán comprometerse igualmente a alcanzar a mesma porcentaxe mínima de estabilidade laboral respecto das novas contratacións que, de ser o caso, deriven do proxecto de investimento que se subvencione.

O cumprimento dos requisitos anteriores non se exixirá con relación aos centros de traballo radicados fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

O citado requisito tampouco se lles exixirá ás empresas con menos de 10 traballadores. Neste caso, a porcentaxe de estabilidade mínima laboral exixida reducirase ao 33%.

Tampouco será necesario cumprir o devandito requisito nas axudas inferiores a 60.101,21 euros por proxecto de investimento.

Será condición imprescindible para que as empresas se poidan acoller a estes beneficios a inscrición no Rexistro de Establecementos Industriais de Galicia, de acordo co establecido no artigo 8.6º do Decreto 115/2000, do 11 de maio, polo que aproba o Regulamento do rexistro de establecementos industriais de Galicia.

Artigo 4º.-Contía máxima da axuda.

As contías máximas das axudas para cada tipo de proxecto son as que se reflicten a continuación:

A) Uso racional da enerxía: 40 % do investimento subvencionable.

B) Fomento das enerxías renovables:

a) Solar térmica: ata 240 €/metro cadrado de superficie de captación.

No caso de instalación de colectores de alta tecnoloxía, o límite poderá incrementarse ata os 300 €/m² de superficie de captación para colectores planos e ata 360 €/m² de superficie de captación para tubos de baleiro.

b) Solar fotovoltaica:

-Sistemas illados: 9 €/Wp.

-Sistemas conectados á rede: 4 €/Wp.

c) Outras enerxías renovables: 40% do investimento subvencionable.

d) Instalacións mixtas: proporcional a cada un dos dous tipos anteriores.

C) Desenvolvemento de infraestrutura de gas: 25% do investimento subvencionable.

D) Adecuación de instalacións eléctricas de distribución: 40% do investimento subvencionable.

En calquera caso, a contía da subvención non poderá ser superior ao 50% do investimento subvencionable.

Artigo 5º.-Concorrenza de axudas e subvencións públicas.

1. O importe das axudas e subvencións reguladas nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrenza con outras axudas e subvencións, supere o custo da actividade subvencionable.

2. O importe da subvención neta equivalente ás empresas, en concorrenza con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, non poderá superar o máximo de intensidade rexional, 40% sobre o investimento subvencionable establecido para cada actividade nesta orde. No caso de axudas a empresas PEME engadirase un 15% adicional ao devandito límite, de acordo coas directrices sobre axudas de Estado de finalidade Rexional (98/C 74/06) en relación co

Mapa de axudas de finalidade rexional para o período 2000-2006 en España, aprobado pola Comisión/axuda de Estado número 773/99). Estes límites máximos aplicaranse tanto se a axuda proven integramente de fontes nacionais como se fose cofinanciada con fondos comunitarios (punto 4.21 Directrices comunitarias sobre axudas de Estado ás pequenas e medianas empresas. DOC 213, do 23-7-1996).

Enténdese por pequena e mediana empresa a que cumpre cos seguintes requisitos: ocupa menos de 250 persoas e o seu volume de negocio anual non excede 50 millóns de euros ou o seu balance anual non excede 43 millóns de euros. Para o cálculo dos efectivos e dos importes financeiros mencionados observarase o disposto na Recomendación da Comisión do 6 de maio de 2003 sobre a definición de microempresa, pequenas e medianas empresas (DO L 124, do 20 de maio de 2003).

Enténdese por subvención neta equivalente como o beneficio último que a axuda lle debería proporcionar á empresa unha vez deducido o imposto sobre sociedades aboadado en concepto da dita axuda.

Artigo 6º.-Investimento subvencionable.

1. Para a definición do investimento subvencionable no caso de proxectos de uso racional da enerxía e fomento das enerxías renovables promovidos por empresas, serán de aplicación as directrices comunitarias sobre axudas estatais a favor do ambiente (2001/C 37/03-DOCE 3-2-2001), polo que, segundo o punto 37, os custos subvencionables teñen que se calcular netos das vantaxes obtidas dun eventual incremento da capacidade, dos aforros de custos xerados durante os cinco primeiros anos de vida do investimento e das producións accesorias adicionais durante o mesmo período de cinco anos. No ámbito das enerxías renovables, os custos de investimento subvencionables corresponden, polo xeral, aos custos suplementarios soportados pola empresa en relación a unha instalación de xeración de enerxía tradicional da mesma capacidade en termos de xeración efectiva de enerxía.

2. No caso de proxectos de adecuación de instalacións de distribución de enerxía eléctrica, non se considerarán subvencionables os gastos de execución da obra civil necesaria (canalización subterránea e apoios fin de liña cos elementos inherentes a eles, no caso de que a adecuación da liña leve consigo o paso a subterráneo; cimentacións e tomas de terra de apoios, no caso de que a adecuación da liña aérea consista nunha variante en aéreo), así como os de xestión e consecución dos permisos de paso necesarios.

3. En ningún caso serán subvencionables os investimentos de substitución.

4. Non se valorarán para efectos de investimento os gastos que se realicen en pagamento de licenzas, gastos sometidos a aranceis ou os correspondentes a investimentos realizados con fórmulas de arrendamento financeiro. Os tributos son gasto subven-

cionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos, salvo que se acredite que non son susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

5. No caso de que o solicitante da axuda sexan asociacións ou entidades sen ánimo de lucro, poderase considerar subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) cando o beneficiario acredite mediante a correspondente certificación que se atopa acollido ao réxime de exención do IVE.

6. No caso de que o solicitante da axuda sexan persoas físicas, poderase considerar subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) cando o beneficiario efectúe declaración responsable de que o obxecto da subvención non se dedica nin se adscribe de ningunha forma a ningunha actividade empresarial ou profesional.

7. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores salvo que se xustifique que polas especiais características dos gastos das axudas non existe no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou no caso en que se celebre o contrato con anterioridade á solicitude da subvención.

8. A elección entre as ofertas presentadas que se deberán achegar na xustificación ou, de ser o caso, na solicitude de subvención realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Artigo 7º.-Solicitude e documentación.

1. O prazo e modelo para a presentación das solicitudes será o que se estableza na correspondente convocatoria.

2. As solicitudes, que se dirixirán ao conselleiro de Innovación, Industria e Comercio, presentaranse no rexistro xeral das delegacións provinciais, no dos servizos centrais da Consellería de Innovación Industria e Comercio, ou a través de algunha das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, entre as que se inclúen os rexistros dos concellos que teñan subscrito convenio de colaboración para a implantación dun sistema intercomunicado de rexistro coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. A solicitude presentarase xunto coa seguinte documentación:

a) Aquela que acredite a personalidade, natureza e réxime xurídico do solicitante, tendo en conta que:

i) Se é unha fundación, asociación ou entidade sen ánimo de lucro, deberá achegar a escritura pública de constitución e estatutos debidamente inscritos no rexistro correspondente, debendo quedar acreditada, se fose o caso, a súa condición de entidade sen ánimo de lucro.

ii) Se é unha empresa, documentación acreditativa da súa constitución legal, inscrición no correspondente rexistro, enderezo social e do seu centro de traballo en Galicia, de ser o caso.

iii) No caso de tratarse dunha agrupación deberá achegarse documentación acreditativa da súa constitución e dos requisitos a que se refire o artigo 2º.2. destas bases.

b) Documento nacional de identidade e documento público acreditativo do poder con que actúa quen representa a empresa ou entidade solicitante, se é o caso.

c) Tarxeta de identificación fiscal NIF/CIF segundo proceda.

d) Memoria descritiva das actuacións que se van realizar, na cal deberá constar unha epígrafe específica en que se valorará a eficiencia enerxética do proxecto e que incluírá plano de implantación da actuación á escala axeitada; no caso de actuacións de fomento das enerxías renovables, incluírase, ademais, esquema da instalación e esbozo que represente a súa integración arquitectónica ou paisaxística.

e) Orzamento do investimento, separando os prezos unitarios dos principais elementos da actuación (anexo da convocatoria) e coa correspondente desagregación do IVE.

f) Calendario de execución do investimento, con referencia a cada unha das actuacións que configuran o proxecto (mes inicio/mes finalización) (anexo da convocatoria).

g) Declaración expresa doutras axudas solicitadas, obtidas ou que se prevé solicitar para o mesmo investimento en calquera outra Administración, entes públicos ou privados, nacionais o internacionais. A obtención destas axudas deberá comunicarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

h) Certificados acreditativos de estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. Non será necesario achegar estes certificados se o solicitante autoriza expresamente, segundo o modelo que figura como anexo VI a esta orde, para que esta consellería obteña os seus datos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Consellería de Economía e Facenda así como coa Seguridade Social.

i) Para as empresas suxeitas aos requisitos establecidos no artigo 3º.2 destas bases, que se refiren ás exixencias de contratación estable de traballadores, presentarase declaración relacionando os traballadores e o seu tipo de contrato (fixo ou temporal) ou, de ser o caso, compromiso por escrito ante a Xunta de Galicia de alcanzar as porcentaxes de estabilidade laboral sinaladas no citado anexo.

j) Se o solicitante é un concello, en lugar da documentación a que se refiren as alíneas a), b) e c) deberá presentar o documento nacional de identidade e documento acreditativo da capacidade con que actúa quen representa o concello solicitante. Neste caso tampouco será necesario achegar a declaración a que se refire a alínea h) anterior.

k) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Esta declaración axustarase ao modelo recollido como anexo V a estas bases.

4. As solicitudes de axudas para a adecuación de instalacións de distribución de enerxía eléctrica serán tramitadas a través dos respectivos concellos, que unirán ao expediente un escrito relativo ao compromiso de execución ao seu cargo da obra civil e xestión de permisos a que fai referencia o artigo 4º.2, con indicación de prazos.

5. De toda a documentación presentaranse dous exemplares. Polo menos un deses exemplares conterá documentos orixinais ou cotexados.

Artigo 8º.-Instrución e resolución.

1. A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas e as secretarías das delegacións provinciais serán o órgano competente para a instrución dos procedementos que se tramiten ao amparo do disposto nesta orde.

2. Conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se a solicitude de subvención non reúne os requisitos exixidos nesta orde para cada caso concreto, o interesado será requirido para que nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da recepción do devandito requirimento, rectifique o erro ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, de non o facer, se terá por desistido da súa petición, tras a resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 42 da citada lei.

3. Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, o órgano instrutor deberá emitir, como paso previo á valoración un informe relativo ao cumprimento dos requisitos que para os solicitantes se establecen no artigo anterior. Así mesmo, poderá remitir unha copia das solicitudes ao Inega, que emitirá informe sobre a incidencia dos criterios de valoración dos proxectos recollidos no artigo 9º destas bases.

Unha vez avaliadas as solicitudes polo órgano instrutor, procederá a valoración das solicitudes por unha comisión de valoración, constituída para o efecto, que estará presidida polo director xeral de Industria, Enerxía e Minas ou persoa en quen delegue, e na cal participarán o subdirector xeral de Enerxía, o xefe de servizo de Enerxías Renovables e un representante de cada unha das delegacións provinciais da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

Á vista da valoración e dos informes emitidos, a comisión de valoración proporá a contía das axudas correspondentes aos investimentos subvencionables ata esgotar o crédito dispoñible, quedando en reserva o resto dos investimentos subvencionables, para que, de se producir algunha renuncia ou modificación ns proxectos inicialmente subvencionados, poidan ser atendidas co crédito que quedase libre.

4. O conselleiro de Innovación, Industria e Comercio ditará a resolución de concesión ou denegación da axuda ou subvención solicitada.

Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, para os únicos efectos da optimización da xestión dos fondos dispoñibles e das solicitudes que quedasen en reserva de conformidade co disposto no punto anterior, o beneficiario da axuda deberá aceptala no prazo de quince días naturais contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, para o que se achegará modelo de aceptación coa notificación da resolución. En caso contrario, entenderase que concorre a renuncia á axuda concedida e procederase nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. As resolucións de concesión ou denegación das axudas ou subvencións serán motivadas, de acordo cos criterios de outorgamento das normas reguladoras, notificaránselles aos interesados e porán fin á vía administrativa.

As resolucións estimatorias das solicitudes de concesión de axudas e subvencións expresarán, polo menos, o obxecto e importe do proxecto subvencionado, a porcentaxe da axuda ou subvención concedida e a contía desta e, no caso de que teña carácter plurianual, as cantidades outorgadas con cargo aos orzamentos de exercicios posteriores.

6. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que esta poida os seus efectos a unha data posterior.

O vencemento do prazo máximo sen se notificar a resolución, lexítima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Artigo 9º.-Valoración dos proxectos.

1. A valoración dos proxectos efectuarase de acordo cos criterios que se recollen a continuación para cada tipo de axuda.

2. Nos proxectos relativos ao uso racional da enerxía.

a) Eficiencia enerxética da instalación de acordo co recollido no proxecto correspondente.

b) Mellora ambiental. Valoraranse especialmente aqueles proxectos que xeren unha mellora do ambiente adicional á obtenida por motivos enerxéticos.

c) Carácter innovador. Consideraranse prioritarios os proxectos que empreguen tecnoloxías innovadoras ou de escasa difusión.

d) Grao de participación de entidades de desenvolvemento rexional.

e) Grao de cumprimento do solicitante nas axudas outorgadas por esta consellería en convocatorias anteriores.

f) No caso de que o solicitante sexa un concello, poderase valorar a existencia dunha auditoría enerxética realizada por unha empresa consultora establecida en Galicia con recoñecida experiencia na materia, o interese social do servizo, os recursos económicos da corporación local e, no caso de instalacións de luz pública, a súa adecuación ao proxecto tipo recollido no convenio suscrito entre empresas eléctricas e a *Federación Galega de Municipios e Provincias*.

3. Nos proxectos relativos ao fomento de enerxías renovables.

a) Mellora ambiental. Valoraranse os seguintes aspectos:

a.1) Eficiencia da instalación.

a.2) Eficiencia do equipo.

a.3) Deseño, calidade de materiais, montaxe e garantías.

a.4) Integración paisaxística.

b) Carácter innovador. Valoraranse os seguintes aspectos:

b.1) I+ D.

b.2) Difusión.

b.3) Monitorización.

c) Grao de cumprimento do solicitante nas axudas outorgadas por esta consellería en convocatorias anteriores.

d) Calidade documental.

4. Nos proxectos relativos ao desenvolvemento da infraestrutura de gas, daráselles prioridade ás actuacións que cubran o maior número potencial de abonados ou clientes en relación co investimento que se vai realizar.

5. Nos proxectos relativos ás instalacións eléctricas de distribución.

a) Interese social da actuación de acordo co descrito na memoria; consideraranse preferentes aque-

las actuacións tendentes á adecuación do contorno do patrimonio histórico cultural.

b) Que cubra o maior número de afectados en relación co investimento.

c) Que dispoñan das correspondentes servidumes de paso co obxecto de axilizar a execución das obras.

Artigo 10º.-Presentación do proxecto de execución.

Nun prazo de 40 días hábiles a partir da notificación da axuda, o beneficiario deberá remitir á delegación provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio o proxecto de execución, cando este sexa necesario, asinado polo técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente. Así mesmo, deberá acreditar ante a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas que se presentou esa documentación na delegación correspondente nos seguintes casos:

Proxectos de uso racional da enerxía cando o beneficiario sexan empresas privadas.

Proxectos de enerxías renovables.

Proxectos de desenvolvemento da infraestrutura de gas.

Artigo 11º.-Actuacións plurianuais.

No caso de actuacións plurianuais que excedan o exercicio da convocatoria, poderanse establecer os correspondentes compromisos de anualidade, dentro dos límites establecidos pola lexislación vixente, de conformidade co prazo de execución do investimento, e observarase o disposto, para os efectos oportunos, no artigo 58 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Os libramentos correspondentes a estas axudas faranse efectivos con cargo aos créditos consignados para cada exercicio orzamentario. Se a materialización ou o pagamento do investimento se anticipase ao calendario establecido na resolución de concesión e non fose posible o reaxuste das anualidades de subvención, o investimento ou pagamento adiantado poderá servir de xustificación para o libramento das anualidades posteriores sempre que se obtivese a conformidade do órgano competente para a concesión da axuda.

Nos proxectos plurianuais, entenderase que os investimentos e pagamentos que se efectúen desde a data límite de xustificación da anualidade corrente ata o final de ano corresponden á anualidade seguinte e, polo tanto, poderanse presentar como xustificantes para o cobramento da dita anualidade.

Artigo 12º.-Modificación da resolución.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario. Os requisitos que se deberán cumprir para isto son os seguintes:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de concorreren na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.

3. O acto polo que se acorde a modificación da resolución ou, de ser o caso, se denegue, será ditado polo órgano concedente logo de instrución do correspondente expediente no cal se lles dará audiencia aos interesados na forma prevista no artigo 9.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Artigo 13º.-Subcontratación.

1. Permítese a subcontratación total ou parcial sobre o importe da actividade subvencionada.

2. Nos casos de axudas ao uso racional da enerxía e ao fomento das enerxías renovables, non se considerará subcontratación nin a adquisición dos equipamentos nin a contratación da súa instalación e montaxe.

3. As subcontratacións que se efectúen rexeranse polo disposto no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 14º.-Xustificación e pagamento.

1. A data límite para executar as actuacións que fosen obxecto de axuda e para xustificar o correspondente investimento é a que se estableza na correspondente convocatoria. Para iso o beneficiario deberá presentar a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, por duplicado, a seguinte documentación acreditativa:

a) Informe técnico en que se describa a realización do proxecto ou actuación e os datos e incidencias máis significativos habidos na súa execución.

No caso dos proxectos de electrificación mediante o emprego de enerxías renovables, o beneficiario deberá acreditar que dispón dun contrato de mantemento por un período mínimo de tres anos, cunha entidade con capacidade técnica suficiente ao xuízo da delegación provincial de Industria correspondente.

b) Documentos acreditativos do investimento ou actuación consistentes nas facturas orixinais e documentos xustificativos do pagamento realizado.

No caso das actuacións correspondentes a desenvolvemento de redes de gas propano canalizado, a realización das obras xustificárase mediante certificación de gastos expedida por persoa ou órgano

con facultade para iso, acompañada dunha auditoría elaborada por unha firma de auditores independentes (inscrita no Rexistro Oficial de Auditores Contables) ou censor xurado de contas.

c) Xustificante de axudas obtidas ou declaración das solicitadas ou que se prevé obter para o mesmo investimento en calquera outra Administración, entes públicos ou privados, nacionais o internacionais, indicando a súa contía.

d) Certificación expedida pola entidade bancaria de titularidade da conta bancaria onde se debe realzar o pagamento, na cal conste: ordinal bancario, código de banco, código de sucursal e código de conta corrente.

e) Certificados acreditativos de estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. Non será necesario achegar estes certificados se o solicitante autoriza expresamente segundo o modelo que figura como anexo VI a esta orde para que esta consellería obteña os seus datos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Consellería de Economía e Facenda así como coa Seguridade Social.

f) Documento acreditativo de que se acadan os niveis de estabilidade laboral a que se refire o artigo 3º.2 destas bases.

g) O beneficiario de calquera subvención plurianual, cun importe total que supere os 30.050,61 €, deberá achegar, ademais, xustificante acreditativo de depósito na Caixa Xeral de Depósitos de seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca que garanta o importe da anualidade cuxo pagamento se estea tramitando, así como dos seus correspondentes xuros de mora, conforme o interese legal do diñeiro indicado na Lei de orzamentos do Estado que estea vixente nese momento, e deberá alcanzar, como mínimo, ata os dous meses seguintes ao final do prazo de xustificación da última das anualidades da subvención.

h) Achegarase boletín do instalador autorizado presentado na delegación correspondente, naqueles casos en que así o requira a regulamentación aplicable vixente.

2. No caso de que o beneficiario sexa un concello, para a xustificación a que se refire a alínea b) do punto anterior admitírase como medio de xustificación do investimento a certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade para a que foi concedida e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto segundo o disposto no artigo 15 c) do Decreto 287/2000.

3. Os órganos competentes da Consellería de Innovación, Industria e Comercio poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. No caso

de que fosen remitidos polo beneficiario dentro do prazo que se sinale, podería entenderse que renuncia á axuda.

4. A percepción da axuda terá lugar despois de que os servizos técnicos da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, tras a inspección realizada, de ser o caso, certificasen que se realizou o investimento que foi obxecto da axuda e o previsto na resolución de concesión. Ademais, o beneficiario deberá presentar a documentación adicional que se lle sexa requirida por estes servizos técnicos, co obxecto de determinar o alcance do proxecto ou actuacións subvencionables.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que iso non supoña unha realización deficiente do proxecto, a axuda reducirase proporcionalmente, mantendo constante a porcentaxe da axuda respecto ao investimento.

Artigo 15º.-Réxime de recursos.

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados ao amparo do disposto nesta orde e nas correspondentes ordes de convocatoria esgotarán a vía administrativa, e contra elas caberá interpoñer:

a) Recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo sexa o caso.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, de ser o caso, calquera outro que consideren procedente.

Artigo 16º.-Reintegro das axudas ou subvencións.

Procederá o reintegro total ou parcial da axuda e dos xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia de tal reintegro nos casos previstos no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da axuda, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, de ser o caso, a por-

centaxe máxima do investimento subvencionable que se estableza.

Artigo 17º.-Fiscalización e control.

A concesión das axudas e subvencións reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece o capítulo V do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 18º.-Entidade colaboradora.

De acordo co establecido nos artigos 12 e 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Consellería de Innovación, Industria e Comercio poderá establecer convenios de colaboración con outros organismos e demais entes públicos, sociedades mercantís participadas íntegra ou maioritariamente polas administracións públicas, organismos ou entes de dereito público, co obxecto de que estas actúen como entidades colaboradoras na xestión das subvencións sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos. Os referidos convenios de colaboración regularán as condicións e as obrigas asumidas polas entidades de colaboración.

Artigo 19º.-Réxime sancionador.

As infraccións administrativas cometidas en relación coas axudas e subvencións reguladas nesta orde sancionaranse de conformidade co disposto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Artigo 20º.-Publicidade.

Unha vez ultimada a conexión das axudas, publicarse no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas con indicación da entidade beneficiaria, contía e finalidade da axuda.

Disposición adicional

En todo o non previsto nesta orde observarase o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada parcialmente pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado parcialmente pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, e na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para cada exercicio, así como no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
 INDUSTRIA E COMERCIO

FEDER



| | | |
|--|--|-------------------------|
| PROCEDIMENTO <input type="checkbox"/> AXUDAS PARA O USO RACIONAL DA ENERXÍA <input type="checkbox"/> AXUDAS PARA O FOMENTO DAS ENERXÍAS RENOVABLES <input type="checkbox"/> AXUDAS PARA O USO RACIONAL DA ENERXÍA (CONCELLOS) | CÓDIGO DO PROCEDIMENTO IN413A IN416A IN413B | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|--|--|-------------------------|

DATOS DO SOLICITANTE

| | | | | | |
|-----------------------------------|----------------------|----------|-------------------|----------------------------|--|
| NOME SOLICITANTE/EMPRESA/ENTIDADE | | CIF/NIF | | NÚMERO REGISTRO INDUSTRIAL | |
| ENDEREZO | | | LOCALIDADE | | |
| PROVINCIA | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | FAX | | |
| SECTOR INDUSTRIAL | ACTIVIDADE PRINCIPAL | | | CNAE | |
| ANO DE CONSTITUCIÓN | PERSONAL INDEFINIDO | | PERSONAL EVENTUAL | | |

E na súa representación legal:

| | | |
|----------|------|-----|
| APELIDOS | NOME | DNI |
|----------|------|-----|

DATOS DO INVESTIMENTO E CONTÍA SOLICITADA (EN EUROS), PERIODIFICACIÓN

| | |
|--|-------------------|
| INVESTIMENTO TOTAL QUE SE VAI REALIZAR | INVESTIMENTO 2005 |
| SUBVENCIÓN TOTAL SOLICITADA | SUBVENCIÓN 2005 |

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE XUNTA O SOLICITANTE

| | |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> ACREDITACIÓN DE PERSONALIDADE XURÍDICA DO SOLICITANTE. <input type="checkbox"/> DOCUMENTO PÚBLICO ACREDITATIVO DO PODER CON QUE ACTÚA O REPRESENTANTE E FOTOCOPIA DO SEU DNI. <input type="checkbox"/> COPIA COTEXADA DO NIF/CIF. <input type="checkbox"/> MEMORIA DO PROXECTO, ORZAMENTO, CALENDARIO, PLANOS. <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN EXPRESA, DE AXUDAS SOLICITADAS, OBTIDAS OU QUE SE VAIAN SOLICITAR PARA O MESMO FIN. | <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE NON TER CONTRAÍDA NINGUNHA DÉBEDA COA COMUNIDADE AUTÓNOMA E DE ESTAR AO DÍA NAS OBRIGAS FISCAIS E COA SEGURIDADE SOCIAL, OU AUTORIZACIÓN EXPRESA SEGUNDO ANEXO DE CONVOCATORIA. <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO NAS CIRCUNSTANCIAS ESTABLECIDAS NO ART. 13.2 E 3 DA LEI 38/2003, SEGUNDO ANEXO DA CONVOCATORIA. <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN RELATIVA ÁS EXIXENCIAS DE CONTRATACIÓN ESTABLE, SE É O CASO. |
|--|---|

| |
|---|
| LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 24 de febreiro de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas encamiñadas á mellora da infraestrutura enerxética de Galicia e pola que se convocan as correspondentes a 2005.</i> |
| SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA, E SELO DA EMPRESA _____, de _____ de 2005 |

| | | |
|-----------------------------------|--|----------------------|
| (Para cubrir pola Administración) | | NÚMERO DE EXPEDIENTE |
| RECIBIDO | | / / |
| | | DATA DE ENTRADA |
| | | / / |
| REVISADO E CONFORME | | DATA DE EFECTOS |
| | | / / |
| | | DATA DE SAÍDA |
| | | / / |

